

Programación cultural

SALA DE EXPOSICIÓN
CAPELA DE SAN ROQUE
E CASA DA CULTURA
PINTOR LLORÉNS

SETEMBRO

VENRES 10 ÁS 19:00 _

Na Capela de San Roque. Presentación do libro "Romanza de los naranjos en Flor " de Juan Galán. Trátase dunha novela histórica con trazas de intriga, que transcorre durante a Guerra Civil en diversos lugares de Galicia, principalmente no campo de concentración do Mosteiro de Santa María de Oia.

CAPELA DE SAN ROQUE_

"Pinceladas de aquí e do alén". Dosinda Alonso Pájaro, José Ramón Gómez Sánchez e Julian Liñares .

CASA DA CULTURA_

"Sada, un espazo para crear cara ao mar". Unha pequena mostra do traballos das monitoras pertencentes a Asociación cultural Xentes de Sada. Tapices Galicia, Zeltia Ao Aire, Pili Damacris e Damariña.

OUTUBRO

CAPELA DE SAN ROQUE E CASA DA CULTURA_

"Somos Mar II" Mar de Mares produce a segunda edición dunha mostra artística, Somos Mar, que tivo lugar por primeira vez en 2015. Artistas galegos ou residentes en Galicia ofrécennos a súa visión do océano e a súa relación cos mares. En distintos formatos, vídeo, escultura, debuxo, instalación e fotografía, estas pezas, creadas especificamente para a oitava edición do Festival, mostrarannos a influencia do mar na arte do noso tempo. A mostra estará complementada con encontros cos artistas.



Programación cultural

SALA DE EXPOSICIÓN
CAPELA DE SAN ROQUE
E CASA DA CULTURA
PINTOR LLORENS

NOVEMBRO

CAPELA DE SAN ROQUE_

Exposición a cargo do Grupo Cultural Esperto.

DECEMBRO

CAPELA DE SAN ROQUE_

"Carmen Arias de Castro Montero, Mimina, Compañeira de vida"
Mimina, como era coñecida a muller de Isaac Díaz Pardo, foi desde os inicios da súa relación, peza clave no nacemento de Cerámicas do Castro e todo o entramado cultural que supuxo Sargadelos, renunciando desta maneira á súa propia carreira artística.

O Concello de Sada quere conmemorar o centenario do seu nacemento como figura senlleira e fundamental na historia da Galiza do século XX e Filla adoptiva de Sada a través desta mostra que repasa a súa traxectoria vital e reúne parte do seu universo creativo: acuarelas, xoias, debuxos,...

Horarios:

Capela de San Roque_ de martes a sábado de
10:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00

Casa da Cultura Pintor Lloréns_ de luns a venres:
de 8:00-14:00 e de 16:00 a 20:00

